

## MARCHA NOCTURNA A SAN CIBRAO

Ás 21,30 estábamos puntuales na praza da Mariña para facer como todos os anos a marcha nocturna a San Cibrao. A praza estaba a rebotar xa que estaban a facer un torneo de baloncesto e estaban xogando o mesmo tempo dous partidos e un montón de xente mirando e a terraza do Boas Migas a tope xa que a noite o merecía.

Pouco a pouco foise achegando a xente que previamente se anotara para facer a marcha, a verdade que algo menos que en anos anteriores pero xa se sabe que nestas datas e moi difícil, por non decir que imposible, coller un día que non haxa algunha festa polos arredores e iste ano foinos a coincidir nin máis nin menos que coa famosa Queimada de Cervo e claro moita xente prefiere ir a divertirse na Queimada que facer un pequeno sacrificio de ter que andar un pouco.

Despois de sacar a foto de rigor do grupo na praza votámonos a camiñata hacia o paseo marítimo para dirixirnos hacia San Cibrao. Como dixen a noite estaba espectacular e así o demostraban as terrazas dos bares por donde íbamos pasando: Salitre, Kiko, Rompeolas, Nordés e xa na Marosa o chiringuito de “O pé de Praia” que montaron iste ano por primeira vez e tivo tanto éxito.

O sair da Marosa xa collemos a beirarrúa da carretera da costa que nos leva a San Cibrao, xa un pouco esparcidos, con bastante diferenza entre os primeiros, que sempre van embalados e que non hai forma de adelantalos, e os últimos que tomamos a cousa un pouco máis relaxada e vamos disfrutando da andaina e do paisaxe, inda que o ser de noite do paisaxe non poidemos disfrutar moito pero fomos entretenidos mirando polos arredores da beirarrúa si víamos as famosas vagalumes ou lucicús, ou como lle chama algunha xente do grupo “velliñas do caldo”, que por estas datas suelen verse con frecuencia.

En Rueta uníronsenos un matrimonio que vive por ali cerca e pouco a pouco, despois de pasar polo polígono industrial de Cuiña, fomonos achegando a San Cibrao.

Unhos un pouco máis cansados, outros novos como si fixeran a ruta en coche, fomos chegando o Noso Lar donde nos tiñan xa preparadas as mesas para ofrecernos coma sempre unha estupenda chocolatada cos seus churros correspondentes que non sei si era que despois da camiñata e de queimar tantas calorías xa nos facía falta repoñer algo pero a verdade é que estaba todo estupendo, parece que ano tras ano se vai mellorando. Xa o remate os máis valientes, un grupo non moi numeroso de 5 ou 6 persoas, voltaron camiñando hacia Burela, os demais xa tiñamos preparado o medio de locomoción para voltar.

Un ano máis foi todo un éxito esta clásica ruta nocturna a San Cibrao e xa pensando na do vindeiro ano rematamos o día moi satisfeitos e fomonos para a cama de moi boa gana.

Vémonos na próxima ruta. Unha aperta.

M.<sup>a</sup> Asunción Ferrín